



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 143  
24 de maio de 2021



CSV: BOPGDSPGM0hBYE0Iw4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 14663 (11/PNC-001503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico do peche da fronteira entre Galicia e Portugal, en particular na zona de Ourense e da fronteira Chaves-Verín

[56407](#)

#### Rexeitamento das iniciativas

##### I 14547 (11/PNC-001485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas para o ano 2021 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos, así como as realizadas para eses fins nos últimos cinco anos

[56408](#)

##### I 15686 (11/PNC-001567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de emprego

[56408](#)

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### I 14375 (11/PNC-001467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis

Sobre a reiteración polo Goberno galego ante o Goberno central da solicitude de cesión do inmovible do antigo colexio de Celeiro, no concello de Viveiro, para a súa rehabilitación e posterior traslado alí da escola oficial de idiomas Luz Pozo Garza

[56408](#)



## Rexeitamento da iniciativa

### I 12259 (11/PNC-001255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xacemento arqueolóxico de Castro Valente [56409](#)

### I 13751 (11/PNC-001401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a apertura polo Goberno galego do expediente para a declaración do monumento aos mártires de Carral, situado nesta localidade da provincia da Coruña, como ben de interese cultural [56409](#)

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

## Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

### I 15960 - 13505 (11/PRE-003372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da demora na construción do parque acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar, así como sobre o prazo e orzamento previstos para ese fin [56413](#)

### I 16074 - 13966 (11/PRE-003431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o contido dos proxectos remitidos pola Consellería de Política Social ao Goberno central para optar aos fondos europeos Next Generation [56416](#)

### I 16073 - 14121 (11/PRE-003448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre os datos referidos ao proxecto de reforma do Centro de Día e Residencia de Maiores da Larracha, así como as razóns da Xunta de Galicia para o seu impulso [56419](#)

### I 16072 - 14165 (11/PRE-003453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa crise sanitaria xerada pola covid-19 nas residencias de maiores [56421](#)

### I 16071 - 14257 (11/PRE-003461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día

[56425](#)

## **1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**

### **1.5.4. De ámbito europeo**

#### **1.5.4.1. Unión Europea**

Resolución da Presidencia, do 20 de maio de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta ás disposicións transitorias aplicables a determinadas máquinas equipadas con motores de entre 56 kW e 130 kW, e superiores a 300 kW, co fin de facer fronte ao impacto da crise da COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 254 final] [2021/0129 ( COD)]

-11/UECS-000074 (16332) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta ás disposicións transitorias aplicables a determinadas máquinas equipadas con motores de entre 56 kW e 130 kW, e superiores a 300 kW, co fin de facer fronte ao impacto da crise da COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 254 final] [2021/0129 ( COD)]

[56428](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.3. Réxime e goberno interior**

#### **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de maio de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

[56411](#)



A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 21 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 14663 (11/PNC-001503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico do peche da fronteira entre Galicia e Portugal, en particular na zona de Ourense e da fronteira Chaves-Verín

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover a realización dun estudo, en colaboración co Sistema universitario galego, para coñecer o dobre impacto da covid-19 e do peche de fronteira nas actividades económicas dos concellos transfronteirizos de todo o país.

2. Impulsar, en colaboración con todas as administracións e coas AECT, un plan especial para demandar compensacións con cargo a fondos propios, estatais ou europeos para os sectores dobremente afectados pola covid e polo efecto peche da fronteira.

3. Demandar a dotación de fondos extraordinarios por parte dos estados e da UE ao abeiro do Plan europeo de recuperación pos-covid (NEXT EU), así como do Marco Financeiro Europeo 2021-2027 e promover a posta en marcha dun investimento territorial integrado de carácter transfronteirizo (ITI) concertado entre ambos os países e dotado financeiramente con cargo a fondos europeos do Marco Comunitario reforzado 2021-2027, como instrumento para a reactivación económica e o desenvolvemento deste territorio dobremente afectado pola covid e polo impacto da reposición da fronteira.»



## Rexeitamento das iniciativas

- 14547 (11/PNC-001485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas para o ano 2021 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos, así como as realizadas para eses fins nos últimos cinco anos

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 15686 (11/PNC-001567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de emprego

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 21 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

### Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 14375 (11/PNC-001467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis

Sobre a reiteración polo Goberno galego ante o Goberno central da solicitude de cesión do inmovible do antigo colexio de Celeiro, no concello de Viveiro, para a súa rehabilitación e posterior traslado alí da escola oficial de idiomas Luz Pozo Garza

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reiterar ante o Goberno de España a solicitude de cesión do inmovible do antigo colexio de Celeiro (Viveiro) para, logo de rehabilitado, trasladar alí



a escola oficial de idiomas Luz Pozo Garza e, pola súa vez, permitir o aproveitamento dos espazos que deixa baleiros o centro de idiomas para a ampliación das instalacións do colectivo social ASPA-NANE, con destino a novos usos de residenciais. Esta cesión efectuarase a título gratuito.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 12259 (11/PNC-001255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xacemento arqueolóxico de Castro Valente

BOPG nº 112, do 17.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 13751 (11/PNC-001401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a apertura polo Goberno galego do expediente para a declaración do monumento aos mártires de Carral, situado nesta localidade da provincia da Coruña, como ben de interese cultural

BOPG nº 123, do 13.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 18 de maio de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

## **1.4. Procedementos de información**

### **1.4.5. Respostas a preguntas**

#### **Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 15960 - 13505 (11/PRE-003372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da demora na construción do parque acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar, así como sobre o prazo e orzamento previstos para ese fin

- 16074 - 13966 (11/PRE-003431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre o contido dos proxectos remitidos pola Consellería de Política Social ao Goberno central para optar aos fondos europeos Next Generation

- 16073 - 14121 (11/PRE-003448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre os datos referidos ao proxecto de reforma do Centro de Día e Residencia de Maiores da Larracha, así como as razóns da Xunta de Galicia para o seu impulso

- 16072 - 14165 (11/PRE-003453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa crise sanitaria xerada pola covid-19 nas residencias de maiores

- 16071 - 14257 (11/PRE-003461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 20 de maio de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta ás disposicións transitorias aplicables a determinadas máquinas equipadas con motores de entre 56 kW e 130 kW, e superiores a 300 kW, co fin de facer fronte ao impacto da crise da COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 254 final] [2021/0129 ( COD)]**

-11/UECS-000074 (16332) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta ás disposicións transitorias aplicables a determinadas máquinas equipadas con motores de entre 56 kW e 130 kW, e superiores a 300 kW, co fin de facer fronte ao impacto da crise da COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 254 final] [2021/0129 ( COD)]





No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 16332, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta ás disposicións transitorias aplicables a determinadas máquinas equipadas con motores de entre 56 kW e 130 kW, e superiores a 300 kW, co fin de facer fronte ao impacto da crise da COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2021) 254 final] [2021/0129 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.3. Réxime e goberno interior**

#### **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

##### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de maio de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias**

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 18 de maio 2021 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma



data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, que contará desde o día seguinte á publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puiden asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13505**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da demora na construción do Parque Acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar, así como sobre o prazo e orzamento previstos para ese fin”**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O complexo lúdico-deportivo de Monterrei en Pereiro de Aguiar sitúase nunha superficie de 100.000 m<sup>2</sup>, integrado por distintas edificacións e instalacións deportivas e acuáticas, espazos libres, sendeiros, etc., configuradas todas elas ao redor dunha zona deportiva e outra zona acuática.

Inaugurado no 1985 e logo da necesaria planificación que require unha actuación desta envergadura -o estudo de viabilidade-, a posta ao día do complexo iniciouse pola actuación na zona deportiva (novos pump track indoor para bicicleta BTT e deportes urbanos, unha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e outras dúas descubertas e ampliación da cuberta da pista de atletismo), que foi executada no 2020 por un importe total de 1.081.236 euros.

Paralelamente, tamén no 2020, licitouse a redacción do proxecto de execución do parque acuático -192.995 euros-, do que se derivou un primeiro proxecto de execución correspondente á fase 1 (entregado no mes de abril) e un segundo proxecto de execución das fases 2, 3 e 4 (a entregar no mes de xuño).

Trala recepción do proxecto de execución da primeira fase, licitarase a obra que estará





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/05/2021 13:52:42  
**Nº Rexistro: 15960**  
Data envío: 10/05/2021 13:52:42.815

rematada no 2022, e cuxo custo ascenderá a 5,5 millóns de euros. As obras consistirán na execución do edificio principal de servizos e acceso, unha zona acuática infantil, unha zona de tobogáns e piscinas, e os edificios de servizos. Rematada esta primeira fase, as seguintes serán executadas sucesivamente, segundo se concrete no proxecto de execución das fases 2, 3 e 4.

Finalmente, a valoración que fai este departamento da actuación é altamente positiva toda vez que a mellora do complexo suporá unhas instalacións remodeladas, ampliadas e modernizadas, en consonancia cunha actuación orientada á dotación de infraestruturas axeitadas para a promoción da práctica de actividade polideportiva e de actividade física entre o conxunto da poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/05/2021 13:52:42  
**Nº Rexistro: 15960**  
Data envío: 10/05/2021 13:52:42.815

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/05/2021 13:52:35

CSV: BOPGDSPGM0hBYEOIW4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13966**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o contido dos proxectos remitidos pola Consellería de Política Social ao Goberno central para optar aos fondos europeos Next Generation**”, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos para optar aos fondos Next Generation, entre os que se atopan os da Consellería de Política Social, xa foron entregados aos grupos parlamentarios e aos axentes sociais.

En canto á cuestión sobre a creación dun centro de coidados intermedios e convalecencia para pacientes usuarios de residencias, compre indicar que este proxecto piloto consiste na creación de centros de coidados intermedios para a atención de persoas que, tras unha estancia hospitalaria e de forma non permanente, requiren atención residencial específica por ter dependencia para as actividades básicas da vida diaria.

O Centro de Coidados Intermedio é un concepto innovador, consistente nun recurso residencial temporal intermedio entre o hospital e a residencia para persoas con necesidade de coidados sanitarios (de longa estancia e/ou convalecencia) e proporcionar atención social adaptada ás necesidades de cada caso permitindo asegurar a continuidade da atención en servizos sociais, se procede, unha vez finalizada a estancia no recurso.

Están destinados a persoas con incapacidade funcional susceptibles de mellora con rehabilitación, pero onde a intensidade dos coidados que require a persoa excede a capacidade do coidador, non achegándolle beneficio algún a súa permanencia nun centro hospitalario onde o teito terapéutico foi alcanzando.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/05/2021 11:31:56  
**Nº Rexistro: 16074**  
Data envío: 12/05/2021 11:31:56.371

Por outra parte, as características demográficas de Galicia fan necesario atender á dispersión da poboación, coa dificultade que isto supón na localización xeográfica dos recursos de atención á infancia en situación de risco, para priorizar a atención integral e compatibilizala co mantemento dos nenos, nenas e adolescentes dentro da súa contorna familiar, escolar e social. Co proxecto de centro de día itinerante preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e compatíbilcea co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

No que atinxe ao grao de ambición da proposta formulada, resulta complicado realizar un dimensionamento do grao de ambición da proposta formulada na medida en que non se dispón de información precisa e segura por parte do Goberno do Estado dos fondos que lle poderían corresponder a Galicia nin dos criterios de aplicación que se van a esixir. Non obstante, na medida en que esta falta de concreción permite continuar a abrir liñas de traballo, a Consellería de Política Social lanzou unha convocatoria e manifestación de interese de proxectos autonómicos. Esta convocatoria está dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia, así como aquelas entidades interesadas en desenvolvelas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/05/2021 11:31:56  
**Nº Rexistro: 16074**  
Data envío: 12/05/2021 11:31:56.371

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/05/2021 11:31:52**

CSV: BOPGDSPGM0hBYE0IW4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>








XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/05/2021 11:31:47  
Nº Rexistro: 16073

Data envío: 12/05/2021 11:31:47.668

Data 12/05/2021 11:31

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14121**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao proxecto de reforma do Centro de Día e Residencia de Maiores da Laracha, así como as razóns da Xunta de Galicia para o seu impulso”**, (publicada no BOPG número 127 do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O centro de atención a persoas maiores da Laracha consta de centro de día, con capacidade máxima de 40 prazas, e de fogar residencial con 18 prazas. Está xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración con concello da Laracha, sendo a ocupación actual de 19 persoas usuarias no centro de día e de 18 no fogar residencial.

Precisamente, pola demanda existente para o servizo de fogar residencial, o concello da Laracha está facendo un estudo de viabilidade para unha posible futura ampliación da edificación que permita incrementar a oferta de prazas residenciais. Así mesmo, e con este mesmo fin, é preciso que o Concello elabore e aprobe un “estudo de detalle” para permitir urbanísticamente a devandita actuación.

Unha vez que estes trámites previos estean xa concretados estudarase entre a Xunta de Galicia e o concello da Laracha se é viable ou non esta ampliación, así como os posibles prazos e financiamento para acometela; datos que a día de hoxe aínda non están definidos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/05/2021 11:31:47  
**Nº Rexistro: 16073**  
Data envío: 12/05/2021 11:31:47.668

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/05/2021 11:31:43**

CSV: BOPGDSPGM0hBYE0IW4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





